



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 411/300626
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A

PRODUTO

ACUIMICRO®

DESCRICIÓN

Dieta líquida micronizada inerte para a alimentación de larvas de peixes mariños (Dicentrarchus spp., Dentex spp., Scophthalmus spp., Solea spp., Sparus spp., etc.) e de larvas e postlarvas de crustáceos mariños (Penaeus spp., Metapenaeus spp., Homarus spp., Panulirus spp., Scylla spp., etc.). Permite a redución de custos mediante a substitución parcial do alimento vivo, facilitando o destete a dietas inertes. Favorece a pigmentación natural e contribúe ao mantemento da calidade da auga.

INGREDIENTES

Fariña e subprodutos de peixe, fariña de algas, cereais, extractos de proteínas vexetais, microalgas, probióticos, minerais, vitaminas, antioxidantes, saborizantes e crioprotectores.

DESTINO E MODO DE EMPREGO

Suministrar aos estados larvarios e á primeira inxesta de peixes e crustáceos mariños en cantidade e frecuencia segundo a talla e as condicións de cultivo. Unha vez aberto, utilícese preferentemente antes de 30 días a partir da data de envasado. Condicións ideais de almacenamento: manter refrigerado, non expoñer á luz e ter en conta que é susceptible de conxelación (-20 °C). Para recibir instrucións sobre a técnica alimentaria a aplicar, consulte co noso Departamento Técnico en info@acuinuga.com.

PRESENTACIÓN

Dieta líquida micronizada (tamaño medio de partícula de 220 µm, cun rango de 180 a 350 µm) e con flotabilidade neutra, en envases bag-in-box termosellados e opacos de 500 mL.

PREZO ORIENTATIVO*

*Prezo variable segundo volume de compra e condicións de pagamento

DISPONIBILIDADE

Prazo de entrega: 15 días laborables desde a data de pedido

OBSERVACIÓNS

Parámetros nutricionais (en Materia Seca)

Proteína Bruta	Materia Graxa Bruta	Carbohidratos	Cinzas	Vitamina A	Vitamina D3	Vitamina E	Vitamina C
55%	9%-20%	15%	<8%	24.000 UI/Kg	22.000 UI/Kg	80 mg/Kg	500 mg/Kg